


Sete días, sete mares

Xabier Queipo é xa un consolidado narrador pertencente á xeración nacida nos cincuenta que tanta fortuna está dando á literatura en lingua galega. Agora vén de presentar *Saladina*: un fermoso monllo de sete partes que nos van ofrecendo milleiros de historias a percorrer os sete mares, os sete días da semana e, se me apuraren, os sete buracos da cabeza. Que van non só en cada viaxeiro, para que se espallen polo mundo, senón en cada viaxe que se nos ofrece desde o dominio das técnicas do relato oral e cun estilo que é capaz de recrear toda esa atmosfera de marabilla na que nos imos introducindo e que converte unha historia nunha historia e non nun suceso. Nunha viaxe van todos os navegantes e todos os seres e espazos que os envolven, regresan ao porto da cidade de Constantinia e as súas historias pousadas na memoria reencarnada no vello Haki, van ser desveladas á súa neta Saladina. Da neta, ao longo do relato, ofrécenos a súa propia viaxe, á

A cada viaxe unha historia



MARGA ROMERO



da aprendizaxe clásica, a que a leva ao dominio da arte de contar, superando o obstáculo da impaciencia e aceptando

que o novelo das historias ten o seu ritmo e o seu tempo. Hakim ofrécelle consellos que ben nos poden valer a quen le, entre outros: As historias, aínda que sexan as mesmas e coñecidas, deben ser contadas cada vez dun xeito distinto e adornándoas ao gusto, “para que cada quen escoite nelas o que quere escoitar, e non máis nin menos”. “Desconfía das historias ordenadas que toda a xente repite”. “As

historias non acaban ata que o que as conta non di que remataron”. Saladina aprende tamén que a vida ten a súa fin e recibe a her-

danza do avó e coma el facía en vida, remata na barbería de Sadr, para escoitar esas historias que venñen con cada viaxeiro e que traen tantas viaxes ás costas. Mais nós deixámonos tecer na rede do contador principal que nos conta o que outros contaron e viviron, coa destreza de poder facelo do dereito e do revés. Engaiolan as historias das medusas fosforescentes, da captura do tigre albino, a das moscas sen ás da illa de Kerguelen, a de como Manuel de Andrade intentou empozoñar á raíña de Portugal ou a da baiuca que hai no fondo do mar, poño por caso. Cunqueiro está feliz oíndo os relatos da boca da Saladina e Dieste tamén, e a nós púsanos na boca un sabor a todas as especias do mundo que viaxan nos barcos e que son esas que Queipo posúe para contarnos con verdadeira mestría estes contos, e co desexo de que agardemos polo oitavo día da semana que seica non hai. No remate o misterio da Illa das Cotovías. Un gozo para ler.

QUEIPO, Xabier,
Saladina, Ed. Galaxia,
Vigo, 2007, 100 páxinas.